

-Nome ou razón social, NIF ou CIF, domicilio e localidade de quen as estenda.

Para gastos alimentarios:

a) Informe dun facultativo da sanidade pública e/ou centros sanitarios concertados no que figure a intolerancia padecida polo causante.

b) Cando o causante da axuda sexa persoa distinta do solicitante, copia da totalidade das follas do libro de familia, onde figuren edición, serie, número, cónxuxe e fillos ou, se o causante da axuda e parella de feito, certificado de convivencia ou empadronamento expedido polo concello.

Pola Administración:

O director xeral da Función Pública: José María Barreiro Díaz.

Polas organizacións sindicais:

CIG: Manuel Gallardo Canitrot.

CC.OO.: José Emilio Doforno Guzmán.

UGT: Manuel Cobas Pena.

CSIF: Juan Carlos Rivas Vázquez.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 5 de xaneiro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 16 de novembro de 2009, acordou, por unanimidade dos seus membros asistentes, a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas, as cales se anexan a esta resolución.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Estas bases regulan o obxecto, requisitos e procedemento de tramitación para a creación e posta en marcha dun mecanismo que lles facilite ás pemes galegas produtoras de uva, directamente ou a través das súas asociacións, o financiamento da venda da súa produción ás adegas e demais industrias transformadoras, mediante o desconto ou anticipo bancario de letras de cambio aceptadas, axudas de pagamento á orde, ou calquera outro documento que poida ser anticipado pola entidade financeira, asinados polos seus clientes para o pagamento de facturas emitidas desde o 1 de decembro de 2009 ata o 31 de marzo de 2010.

A liña de desconto terá un límite global máximo de 15 millóns de euros e o seu importe distribuirase entre as entidades financeiras participantes.

Artigo 2º.-*Beneficiarios do financiamento.*

Poderán acceder ao mecanismo de financiamento previsto nestas bases aquelas pequenas ou medianas empresas conforme a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto de 2008) polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), produtoras de uva e con domicilio fiscal en Galicia, directamente ou a través das asociacións de produtores, que non tiveran percibido axudas en réxime *de minimis* nos tres anos anteriores por importe superior a 7.500 euros.

Artigo 3º.-*Características das operacións e axuda do Igape.*

3.1. As liñas de desconto bancario deberán destinarse a adiantar o 100% do importe das letras de

cambio aceptadas, das axudas de pagamento á orde ou calquera outro documento habitualmente aceptado para o desconto ou anticipo polas entidades financeiras, asinados por razón da venda de uva, facturada entre o 1 de decembro de 2009 ata o 31 de marzo de 2010.

3.2. Os documentos de pagamento presentados a desconto bancario deberán ter un vencemento non superior a nove meses desde a data da factura.

3.3. Unha vez aceptada a operación financeira, a entidade adiantará o 100% do importe da factura que conte cun documento de pagamento aprazado aceptado nas condicións establecidas nestas bases, sen repercutir ao beneficiario ningún custo ou dedución da operación, excluídos timbres, aranceis e impostos vinculados á operación de desconto.

3.4. O Igape aboará directamente ás entidades financeiras, en concepto de subvención indirecta ao beneficiario, os custos financeiros e de xestión que se deriven destas operacións, cunha porcentaxe do 0,01556% sobre o importe anticipado por cada día natural do anticipo. O dito importe non poderá superar por empresa beneficiaria a contía de 7.500 euros ou a inferior que se tivese declarado no caso de ter percibido axudas en réxime *de minimis* nos últimos tres anos.

3.5. No caso de que o cliente do beneficiario adiantase o pagamento da venda, a entidade financeira deberá notificar tal circunstancia ao Igape, e proceder ao reintegro da parte proporcional dos custos financeiros non soportados pola entidade colaboradora.

Artigo 4º.-*Tramitación das solicitudes.*

4.1. Os produtores de uva interesados, que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, dirixirán a súa solicitude a calquera das entidades financeiras adheridas ao Convenio de colaboración suscrito para tal efecto.

4.2. As entidades financeiras analizarán as solicitudes e asumirán o risco das operacións aprobadas. No caso de denegación das solicitudes, notificarán ao Igape os motivos desta segundo o anexo III a estas bases reguladoras.

4.3. Previamente á disposición dos fondos descontados, a entidade financeira colaboradora deberá requirir do beneficiario a seguinte documentación:

-Copia do contrato asinado entre o viticultor e a adega, segundo modelo homologado polo órgano competente da Consellería do Medio Rural. Alternativamente, no caso de operacións entre socios e cooperativas das que son partícipes, nos ámbitos xeográficos nos que existan contratos homologados, certificación da adega cooperativa de compromiso dos termos dese contrato homologado.

-A declaración da condición de peme da solicitante, segundo o anexo I destas bases.

-A declaración de axudas en réxime *de minimis*, segundo o anexo II destas bases.

-Copia do CIF ou NIF do solicitante.

-A factura orixinal e o documento de pagamento aprazado aceptado polo cliente do beneficiario, que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

-No caso de descontos efectuados pola asociación de produtores: a relación de primeiros produtores relacionada coas vendas.

-Autorización do tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

4.4. A entidade financeira conservará e custodiará a disposición do Igape a documentación relativa aos requisitos dos beneficiarios e o destino da operación financeira durante un prazo de, polo menos, 5 anos desde a disposición dos fondos, e remitiralle ao Igape as aclaracións que solicite respecto destes.

Artigo 5º.-*Disposición dos fondos.*

Previamente á disposición dos fondos, a entidade financeira comprobará a documentación que acredite a condición de beneficiario, a operación de venda e o instrumento para o seu pagamento aprazado.

Artigo 6º.-*Liquidación da axuda indirecta do Igape.*

Antes do 31 de abril de 2010, as entidades financeiras remitiranlle ao Igape unha certificación asinada por apoderado con poder suficiente comprensiva das operacións de desconto acollidas a estas bases, dentro dos importes máximos previamente autorizados polo Igape, e que reflectirá polo menos: beneficiario, cliente, importe, data da factura, data de desconto, e data do vencemento do documento de pagamento xirado para o seu aboamento, segundo o anexo IV destas bases.

No caso dos descontos a favor das asociacións de produtores, xuntarase para cada operación, unha relación dos primeiros produtores implicados nas vendas facturadas.

O Igape procederá ao pagamento das liquidacións correspondentes nos quince días seguintes a aquel no que recibise as correspondentes liquidacións.

Artigo 7º.-*Compatibilidade e límite de axuda.*

7.1. A concesión das axudas destas bases queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, a da Unión Europea.

7.2. As subvencións financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axu-

da *de minimis* e cumpriran co establecido no Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión de 20 de decembro de 2007 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector de produción dos produtos agrícolas, que permite a concesión de axudas neste réxime sempre que non exceda a contía de 7.500 euros nun período de tres anos. Neses termos, serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada, non podendo exceder as intensidades máximas de axuda neles permitidos.

Artigo 8º.-*Publicación.*

8.1. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o Instituto Galego de Promoción Económica publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, www.igape.es, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades financeiras e da súa publicación nos citados medios.

8.2. De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen imporse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Artigo 9º.-*Control.*

9.1. Tanto as entidades financeiras como os beneficiarios das operacións de financiamento quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións financeiras acollidas a estas bases.

9.2. En caso de comprobación de incumprimento das condicións destas bases respecto das obrigas de depósito e custodia de documentación e comprobación do destino dos fondos, para algunha das operacións financeiras acollidas a elas, procederá o reintegro das cantidades percibidas polas entidades financeiras, xunto cos xuros de mora producidos desde o seu pagamento.

9.3. As cantidades que se van reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, e resultará de aplicación para o seu recobramento, se é o caso, a vía executiva.

Artigo 10º.-*Adhesión mediante convenio de entidades financeiras colaboradoras.*

10.1. O Igape convidará a adherirse ao convenio de colaboración no que se regulen os compromisos das partes, a todas aquelas entidades financeiras que, tendo acreditada unha presenza significativa en Galicia, así como a súa solvencia técnica e financeira, colaborasen co instituto nos seus programas de subsidiación ao tipo de xuro de préstamos, créditos ou operacións de arrendamento financeiro. As ditas entidades xustificarán mediante declaración responsable o cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10.2. Así mesmo, poderán instar a súa adhesión a este convenio todas aquelas entidades financeiras acreditadas polo Banco de España que, demostrando unha implantación significativa en Galicia, dispoñan dos medios técnicos axeitados para aseguraren a correcta tramitación dos expedientes conforme o establecido no convenio, nestas bases e nos seus anexos.

10.3. Formalización da adhesión ao convenio de entidades financeiras.

A adhesión formalizarase mediante a sinatura, por apoderado con facultades bastantes, da declaración que se xunta como anexo V destas bases. O Igape daralles conta ao resto das entidades adheridas da existencia de cada novo partícipe no convenio.

10.4. As entidades colaboradoras adheridas ao convenio relaciónanse no anexo VI a estas bases.

Artigo 11º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes nas entidades financeiras iniciarase o día seguinte ao da publicación destas bases reguladoras no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 15 de abril do ano 2010, concedéndose as axudas, de conformidade co artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ata o esgotamento do crédito orzamentario. O Igape publicará a dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade co establecido no artigo 31.4º da citada lei.

Artigo 12º.-*Dotación orzamentaria.*

As axudas reguladas nestas bases financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 02.01-E5/10/01-656700, cun crédito de 630.180 euros para o exercicio 2010.



ANEXO I



DECLARACIÓN DA CONDICIÓ DE PEME

Anexo I.a.

Don/Dona con DNI nº
 en nome e representación da entidade con CIF:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1) Que a sociedade a que representa foi constituída con data e inscrita no Rexistro Mercantil de ,
 folia , folio , sección , libro .

2) Que na data de peche do último exercicio:

Ocupou a persoas (incluído, de ser o caso, o propietario, administrador ou familiares que traballen na empresa e legalmente incluídos no réxime de autónomos).

O seu volume de negocios foi de € (impostos excluídos).

O importe do balance xeral anual, activo total, foi de €.

3) Que o órgano de administración da sociedade está composto polas persoas e co cargo que se relacionan a continuación:

NIF e nome		Cargo ou representación
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

4.1) Que o detalle de sociedades partícipes na empresa nunha porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

CIF e nome ou razón social	% de participación
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

4.2) Que o detalle de persoas partícipes na empresa nunha porcentaxe igual ou superior ao 50% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

NIF e nome	% de participación
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ou, alternativamente, no caso de que non se cubrisen os puntos 4.1) e 4.2):

4.3) Que non existen sociedades con participación en contía igual ou superior ao 25% nin persoas físicas con participación en contía igual ou superior ao 50% do seu capital ou dereitos de voto.

5.1) Que o detalle de participacións da empresa noutras sociedades en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación.

CIF e nome ou razón social	% de participación
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ou, alternativamente, no caso de que a empresa non teña participacións iguais ou superiores ao 25% do seu capital ou dereitos de voto noutras empresas:

5.2) Que a sociedade non mantén participacións en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto noutras empresas.

6) As sociedades relacionadas nos números 4.1º e 5.1º (se existen) deberán emitir pola súa vez certificado axustado a este modelo.

7) As persoas físicas relacionadas no número 4.2º deberán emitir certificado axustado ao modelo do anexo I.b.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da empresa)

Anexo I.b. Cubrir para cada persoa das que aparezan relacionadas no número 4.2 do anexo I.a.

Don/Dona con DNI nº

co fin de acreditar a condición de peme da entidade

con CIF:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1.1) Que non posúe individualmente ou de común acordo con outras persoas máis dun 50% en capital ou dereitos de voto noutra sociedade que opere no mesmo mercado ou mercado contiguo á antedita ou, alternativamente,

1.2) Que o detalle de participación individualmente ou de común acordo con outras, en máis dun 50% en capital ou dereitos de voto noutra(s) sociedade(s) que opere(n) no mesmo mercado ou mercado contiguo á antedita é o seguinte:

<i>CIF e nome ou razón social</i>		<i>% de participación</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2) As sociedades relacionadas no número 1.2 (se existen) deberán emitir pola súa vez certificado axustado ao modelo do anexo I.a.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO II



DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona con DNI nº
en nome e representación da entidade con NIF/CIF:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, para a actuación denominada esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE €
CONCEDIDAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SOLICITADAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE €
EN RÉXIME DE MINIMIS dos 3 exercicios anteriores	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis*, así como cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E autoriza o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, de conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)

**NOTIFICACIÓN NEGATIVA ENTIDADE FINANCEIRA**

Ref. LIÑA DE FINANCIAMENTO PRODUTORAS DE UVA

Analizada a solicitude presentada a través do Igape por [REDACTED]
con NIF/CIF [REDACTED] comunicámoslle que esta entidade financeira adoptou a decisión de DENEGAR a solicitude polo importe de [REDACTED], baseándonos nos seguintes motivos:

- [REDACTED]
- [REDACTED]

O que poñemos no seu coñecemento para os efectos oportunos.

Atentamente,

PROCEDIMENTO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS DO IGAPE PARA A HABILITACIÓN DUNHA LIÑA DE FINANCIAMENTO ESPECÍFICA PARA OS PRODUTORES GALEGOS DE UVA	IG525A	SOLICITUDE DE COBRO

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL	CIF/NIF	
ENDEREZO	CONCELLO	
PROVINCIA	TELÉFONO	FAX
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	

Don/Dona [] con DNI nº [] , actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, asinante do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe) e as entidades financeiras para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva

EXPÓN:

- Que no período mencionado nesta solicitude se dispuxeron e xustificaron correctamente, ao abeiro do convenio de colaboración, as operacións mencionadas a continuación:

BENEFICIARIO	NIF BENEFICIARIO	CLIENTE	NO CASO DE ASOCIACIÓN: Primeiros produtores implicados na venda		IMPORTE FACTURA	DATA FACTURA	VENCIMENTO DOCUMENTO PAGAMENTO	DATA DESCONTO	IMPORTE PARA LIQUIDAR
			NOME	NIF					

- Que consta no expediente declaración doutras axudas, segundo o modelo do anexo II, da cal se desprende que procede o pagamento da axuda.

E por isto, SOLICITA: Que lle sexa aboada a esta entidade o importe de [] €, que se ingresa na conta bancaria aberta ao seu nome.

[] de [] de []

(Sinatura do/a representante)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informásemelle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACION APLICABLE	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE
Resolución do 5 de xaneiro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe) e as entidades financeiras adheridas.		DATA DE ENTRADA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOAL QUE O REPRESENTA		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAIDA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO V



DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E AS ENTIDADES FINANCEIRAS PARA A HABILITACIÓN DUNHA LIÑA DE FINANCIAMENTO ESPECÍFICA PARA OS PRODUTORES GALEGOS DE UVA

Don/Dona con DNI ,

en nome e representación de , facultado para este acto segundo ,

, copia do cal se xunta a este escrito, declarando expresamente a súa vixencia.

DECLARA

1. Coñecer os termos e condicións do convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva.
2. Que ten interese en participar no dito convenio e, polo tanto, adherirse aos termos e condicións referidos no punto 1.
3. Que, dentro do límite máximo establecido para as liñas de desconto de documentos de pagamento, solicita unha cota de €.
4. Que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

_____, de _____ de _____

ANEXO VI

Relación de entidades financeiras colaboradoras

Caixas

-Caja de Ahorros de Galicia
-Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra-Caixanova
-Caixa Rural Galega, Sociedad
Cooperativa de Crédito Limitada Gallega

Bancos

-Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.
-Banco Pastor, S.A.
-Banco Gallego

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 18 de decembro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido nos artigos 17.4º e 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo que se detalla no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios ou funcionarias que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan.

Terceiro.-As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), nos departamentos territoriais da consellería de Facenda ou nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán achegar coa petición un currículo e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada dos documentos acreditativos, os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados segundo se indica no parágrafo anterior non se terán en conta.

Quinto.-No caso de resultar seleccionado para ocupar o posto de traballo persoal funcionario doutras administracións públicas, requirirase o informe favorable do órgano competente da súa administración de orixe, considerándose neste sentido de non emitirse no prazo de 15 días, tal como dispón o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez autorizado o seu traslado a esta Adminis-